Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 7 DE SETEMBRO DE 2018 | VIERNES, 7 DE SEPTIEMBRE DE 2018 | BOP NÚMERO 171

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NOIA

Administración Financeira. Intervención

Aprobación definitiva modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ISCI e O)

ANUNCIO

ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NUMERO 16, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

1.–Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo provisional de modificación da Ordenanza fiscal número 16, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, adoptado polo Pleno da Corporación con data vinte e nove de maio de dous mil dezaoito, e non sendo presentado, dentro do mesmo, reclamación algunha, dito acordo, así como a ordenanza fiscal anexa ao mesmo, elévase a definitivo, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais.

2.–O acordo de modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

3.–De conformidade co disposto no artigo 19.1 do R.D.Lexislativo 2/2004, contra o presente acordo as persoas lexitimadas poderán interpoñer o correspondente recurso contencioso administrativo.

En Noia, a 30 de agosto de 2018.

O concelleiro delegado da área de economía e facenda

José Saturnino Balderrábano Mayo

ORDENANZA NÚMERO 16, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1.–FUNDAMENTO LEGAL E NATUREZA.

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da CE e polo articulo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establecese o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal e pola demáis normativa de aplicación.

ARTIGO 2.–FEITO IMPOÑIBLE.

1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito impoñible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, teñan ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

2. As construcións, instalacións, ou obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza segundo o previsto na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en particular:

a) Obras de nova planta e ampliación de construcións existentes.

b) Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.

c) Instalación de rótulos e letreiros.

d) Peche de terreos.

e) Obras en cemiterios.

f) Obras e instalacións industriais.

Número de anuncio 2018/6437

g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licencia urbanística.

ARTIGO 3.–DEVENGO.

O Devengo do imposto prodúcese no momento de iniciarse as construcións, instalacións ou obras, aínda cando non se obtera a licenza de obras ou urbanística.

A efectos de liquidación provisional do imposto, entenderase que se produce a iniciación das construcións, instalacións ou obras, no momento en que se concede a licenza solicitada ou nalque outro anterior en que materialmente se inicien.

ARTIGO 4.–SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aquelas.

Para estes efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra que soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.

2. No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir todas as obrigas tributarias relativas a este imposto incluída a de efectuar o ingreso das cotas en Arcas Municipais de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5.–EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1.–Establécese unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 103.2.a)do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

– 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

– 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

– 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A porcentaxe de bonificación aplicable, no suposto en que a construción, instalación ou obra se ubique no Polígno de Agualevada, será:

– 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

– 90% pola creación de máis de 15 postos de traballo.

– 80% pola creación de ata 15 postos de traballo.

– 70% pola creación de ata 10 novos postos de traballo.

– 60% pola creación de ata 5 novos postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a quelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

Corresponderá a declaración de especial interese ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicación as seguintes normas:

a) Non se entenderá que concurre o requisito de nova actividade:

- Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.
- Cando a actividade económica fose realizada, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación superior ao 50 por cento.
- Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Número de anuncio 2018/6437

- Non se entenderá nova actividade cando no mesmo local para o que se solicita a bonificación se viñera desenvolvendo calquera outra actividade, polo mesmo titular, baixo outro epígrafe do Imposto sobre actividades económicas.

b) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.

c) No momento de solicitude da bonificación, achegarase memoria explicativa da iniciativa económica proxectada, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. A bonificación que neste momento se acorde terá carácter de provisional.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditado por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos primeiros quince días de cada exercicio.O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspodente expediente de reintegro.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licencia de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

Presentada a solicitude en prazo, o suxeito pasivo poderá practicar autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á obtención da correspondente declaración plenaria de "interese ou utilidade municipal".

2.–Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes achegarán, xunto coa autoliquidación do Imposto, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa posterior.

ARTIGO 6.–BASE IMPOÑIBLE E DEVENGO.

1. A base impoñible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material desta.

Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2. A base liquidable deste imposto será idéntica á base impoñible.

3. O imposto devindicarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza.

ARTIGO 7.–TIPO IMPOSITIVO E COTA.

1. O tipo de gravame será o 3,5%.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.

ARTIGO 8.–XESTIÓN.

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración Municipal, efectuando o pago previamente á retirada da Licencia concedida, en calquera entidade colaboradora autorizada, e, en todo caso, dentro do prazo máximo de un mes, contado a partir do momento en que lle fora notificada a concesión de dita licencia.

3. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base impoñible do tributo, en función do presuposto achegado polos interesados, sempre que estivese visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base impoñible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

4. Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o seu custo real e efectivo sexa superior ou inferior ó que serviu de base impoñible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda. As autoliquidacións practicaranse en impreso que facilitará a Administración Municipal, debendo acompañarse fotocopia do DNI ou CIF do suxeito pasivo, así como certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

ARTIGO 9.–INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

No relativo á cualificacións das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolvan.

Número de anuncio 2018/6437

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Resultará aplicable a bonificación de ata o 95% da cota integra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese municipal por concurrir circunstancias de fomento de emprego, a aqueles suxeitos pasivos do imposto que iniciasen a súa actividade con posterioridade a data do acordo plenario de subscrición do protocolo de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Bussines de Galicia", isto é, con posterioridade ao 31/1/2018. A tal efecto, os suxeitos pasivos que teñan dereito a dita bonificación polas obras solicitadas entre o 31/1/2018 e a data de entrada en vigor da ordenanza, deberán solicitala no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da mesma.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Esta ordenanza entrará en vigor ó día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derrogación expresas.

2018/6437

Número de anuncio 2018/6437